



GUÍA DOCENTE DE **ESTILOS INTERPRETATIVOS**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: ESTILOS INTERPRETATIVOS										
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO				Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO				IMTP	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.					3				Observacións:	
									1h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Análise de diferentes estilos de interpretación da música tradicional, tendo en conta as características propias de cada instrumento (morfoloxía e afinación), a súa orixe (condicionamento xeográfico), e as interpretacións actuais ou históricas (características individuais e de diferentes colectivos).
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X4, X9, X11, X17, X22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os elementos condicionantes do estilo na interpretación musical, e en particular sobre gaita galega.	Todas
Coñecer os elementos e normas básicas da análise e transcrición da música tradicional.	Todas
Valorar o patrimonio cultural musical de Galicia	Todas
Fomentar a análise crítica e razonada.	Todas
Establecer patróns e esquemas para a clasificación do repertorio para gaita mediante a interpretación.	Todas



4. CONTIDOS

Achegamento á metodoloxía da análise da música tradicional e normas básicas de transcripción da mesma. Arquivos existentes en Galicia
Transcripción de diferentes interpretacións propostas. Elaboración de fichas para a súa posterior análise.
Análise e conclusións: coas audicións e transcripcións realizadas na aula, máis algunhas obtidas dos arquivos existentes en Galicia. Establecemento de características en función de zona xeográfica, función, xénero, contexto, etc.
Repertorio: Análise. Transcripción. Interpretación

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: <ul style="list-style-type: none">- Presentación traballos- Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*